




# DE SANXENXO A CABICASTRO

Adela Leiro, Mon Daporta  
decembro 2018



**Distancia:** 10 km (ida e volta)  
**Dificultade:** baixa

Un roteiro panorámico e de interese paisaxístico e ambiental, de contrastes entre zonas abrigadas e tranquilas e zonas de mar aberto, de areas recollidos onde o mar chega manso e cantís expostos nos que as ondas baten constantemente, praias urbanas e praias que aínda conservan parte da súa natureza, e rochedos verticais nos que chaman a atención a formas das rochas e a súa estrutura.

## PERCORRIDO

Saíndo do **porto de Sanxenxo** percorremos o **paseo de Silgar**, cruzamos o **Vicaño** e baixamos á **praia de Baltar** para pasala e seguir camiño polo porto, a rúa da beira do mar ata o monumento á peixeira e de alí á **praia de Caneliñas**.

Desde Caneliñas non é posible seguir pola beira, nen tentalo, porque non hai camiño e un corte no cantil impide o paso, así que temos que seguir pola rúa da saída do tráfico e coller o primeiro desvío á esquerda e nela o primeiro á dereita e na saída de novo á esquerda para seguir logo dereito ata o fondo -primeiro por estrada, logo por camiño e por último por un carreiro- para chegar á **punta Seame** e desde ela ver de preto un illote de nome curioso e alegórico, o **Papatimóns**.

Volvemos atrás polo mesmo camiño e na estrada, desviámonos na primeira á esquerda para baixar á **praia de Canelas**. Percorremos a praia de Canelas e, na outra punta, subimos a un carreiro que vai por debaixo das casas, sinalizado con frechas azuis, que nos leva á **punta de Cabicastro** onde rematamos un traxecto duns 6 km. A volta faremola saíndo de Cabicastro á estrada principal e pola súa beira volvemos, percorrendo uns 4 km, ao punto de partida.



SANXENXO. Porto deportivo.



Praia de Silgar. Areal urbano de 750 m de lonxitude.



Punta Vicaño, con Sanxenxo ao fondo



Praia de Baltar



PORTONOVO, o principal porto pesqueiro de Sanxenxo.


Vista aérea de Portonovo:  
praia Caneliñas, punta Cepelo, porto,  
praia de Baltar e Punta Vicaño



Punta Cepelo/Sapelo



Praia e enseada de Caneliñas



Punta Seame



Punta Seame e Illote Papatimóns.



Praia de Canelas



### RÍA DE PONTEVEDRA

É a máis pequena das rías baixas e ábrese, seguindo unha fractura con dirección SO-NE, entre as puntas de Cabicastro, ao norte e o cabo Udra, ao Sur.



Punta Cabicastro, límite norte da ría de Pontevedra. Desde ela hai vistas sobre a ría, O Morrazo, arquipélagos de Ons e Cíes e costa ata punta Faxilda.



Punta do Elmo



Punta Corutos/Sefexeiras.